

Concello de Begonte

Proceso selectivo: Contratación laboral temporal de 1 peón forestal programa APROL RURAL 2023.

ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL PARA RESOLVER A RECLAMACIÓN PRESENTADA Á PROBA TEÓRICA ESCRITA DESPOIS DO ANUNCIO DO RESULTADO FINAL PUBLICADO O 15/05/2023.

Lugar: Celebrada no salón de sesións do Concello de Begonte.

Data: 23/05/2023

Hora de inicio: 12:00

Hora de finalización: 13:00

Asistentes:

Presidente: Manuel Seijas Ferreiro

Secretaria: Sara Martínez Ferreiro

Vogal: María Jesús Blanco Prado

Reunidos os integrantes do Tribunal, ao obxecto de resolver as cuestións que se expresan no encabezamento, aproban por unanimidade o seguinte,

ACORDO

Resolución da reclamación presentada tras o anuncio do resultado final publicado o 15/05/2023 á proba teórica escrita.

En relación coa reclamación presentada en prazo e forma polo aspirante D. Antonio Casanova Grandío con DNI. 33325065-C, mediante o seu escrito con nº Rexistro 2023-E-RC-1208 de data 16/05/2023, cabe sinalar o seguinte:

- 1.º) En canto á solicitude de documentación, copia do exame e plantilla de respostas correctas, aténdese ao solicitado.
- 2.º) En canto a solicitude de revisión de nota e, no seu caso, rectificación da mesma.

Vistas as Bases reguladoras da selección e contratación laboral temporal de 1 peón programa Aproz Rural, aprobadas por resolución de alcaldía de data 27 de abril de 2023, no seu parágrafo 2 do punto 4.2 relativo ao desenvolvemento do proceso de selección, fase de oposición establécese o seguinte:

“Tempo máximo para a realización da proba teórica será de 30 minutos, **cualificarase de 0 a 10 puntos, valorándose as correctas con 0,50 puntos, as incorrectas restaran 0,25 e as non contestadas non penalizarán**”.



Revisado o exame do aspirante D. Antonio Casanova Grandío, este presenta 10 respostas correctas, 6 incorrectas e 4 en branco, resultanto a seguinte puntuación:

$$(10 \times 0,50) - (6 \times 0,25) = 5 - 1,50 = 3,50$$

Polo que non cabe rectificación ningunha da nota.

O Tribunal, por unanimidade dos seus membros, de conformidade co anterior, acorda que se lle traslade a D. Antonio Casanova Grandío copia do exame realizado e plantilla das respostas correctas e, asimesmo, confirma a nota obtida polo candidato, non alterando o anuncio do resultado final publicado o día 15/05/2023.

Publícase a presente acta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Begonte.

O Presidente,

A Secretaria,

A Vogal,

